

PROGRAMA:

Venres 9 de outubro

20:00 h

Inauguración da exposición de Bujados con fondos do Museo Provincial de Lugo

Espectáculo audiovisual: proxección de obras de artistas mariñaos na fachada do Museo Provincial do Mar de San Cibrao.

Sábado 10 de outubro

10:30 h

Recepción dos alumnos do curso 1969-70 do Centro Educativo D. José M.^a Fernández Montenegro, fundadores do actual Museo Provincial do Mar de San Cibrao.

11:00 h

Lectura por parte de nenos e nenas de San Cibrao e dos alumnado do 1969 de textos sobre o mar.

12:00 h

Actuación da Big Band de Viveiro

17:30 h

Homenaxe aos benfeitores do Museo Provincial do Mar de San Cibrao.

Entrega de agasallos aos seus descendentes e á familia Rivera Casás.

Colocación dunha placa conmemorativa na entrada do Museo en homenaxe aos doadores e benfeitores.

20:00 h

Actuación de Avelino González: "Vento Mareiro"

Domingo 11 de outubro

12:30 h

Actuación de Antón Castro para os máis cativos

17:00 h

Charla de Lino J. Pazos sobre a caza das baleas

19:00 h

Actuación de Clan Maragato

Entrega de agasallos ás persoas que acudan á celebración

ANTÓN CASTRO

É mestre de música e toma a tradición como base, tanto no terreo da música, como no da literatura ou da arquitectura. Tamén forma parte do Colectivo Tranqueira, desde o cal ten desenvolvido, como maquetista, proxectos para museos, como a exposición permanente sobre vivenda tradicional no Camiño Francés, que está no Museo Provincial de Lugo.

AVELINO GONZÁLEZ

Actor, autor e director teatral de longa traxectoria na escea galega, foi fundador das compañías Travía Teatro e Ollomol Travía. Foi premio Compostela 1993 ao mellor actor secundario por "Un sueño de Verano" e premio María Casares 2004 ao mellor texto orixinal por "Bicos con Língua". Participou en varias películas e conta con numerosas intervencións en series e programas de televisión, como *Mareas Vivas*, *Pratos combinados*, *Padre Casares* ou *As leis de Celavella*. Defínese a si mesmo como un actor ao que lle gusta o teatro e o circo, de donde tomou a única norma que lle parece válida na súa profesión: a un actor ou contador estalle permitido todo excepto aburrir.

VIVEIRO BIG BAND

Ten as súas orixes no Conservatorio Profesional de Música de Viveiro e na banda de música da mesma localidade; está formada por un nutrido número de músicos da comarca d'A Mariña, cuxa traxectoria profesional avala este sólido proxecto de orquestra de jazz.

Dende a súa creación, o repertorio é ecléctico, aínda que predominan os arranxos das grandes orquestras de swing. Mesturando temas de autores clásicos con autores contemporáneos de jazz, movéndose en xéneros tan variados como: o soul, funk, latin, swing, balada, etc., co fin primordial de gozar dunha arte tan marabillosa como a da música, gozando tanto do arranxo xa creado como das improvisacións que a inspiración do músico lle ditan. En definitiva, a súa meta é o goce da música e compartila en directo co oínte que presta a súa atención, co valor que ten isto hoxe que, hoxe nos atopamos no mundo da música enlatada e o play back.

CLAN MARAGATO

Este grupo xurdiu no ano 2003 no seo do grupo Mistura de Lieiro, de San Cibrao. O seu repertorio para a xira deste ano inclúe 12 pezas compostas e arranxadas polos membros do grupo e nove arranxos de pezas tradicionais e de autor.

LINO J. PAZOS

O documentalista pontevedrés Lino Pazos centra boa parte da súa obra no mundo do mar, con títulos coma "Aqueles barcos de madeira", "Carpinterías de ribeira. Aputamentos para unha memoria marítima de Galicia", "Balleneros. Barcos-Factorías... século XX", "Guía de Sirenas de Galicia", "Por los Faros del Cantábrico", o "Naufragios: Costa NW (1900/2002)".